

XUNTA DE GALICIA

*Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza*

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 28/02/2018 18:42:57

SAÍDA 19438 / RX 310484



Sr. Don Manuel Tejada Vidal

Presidente

Comité de Folga

Avda. do Exército nº 10-1º C

15006 A Coruña

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Estimado Presidente do comité de folga:

Van xa 16 xornadas de paro na Administración de Xustiza galega, que a pesares dos servizos mínimos establecidos, está a causar unha considerable parálise nos xulgados galegos e notables prexuízos para a toda a cidadanía, incluídos os traballadores e traballadoras que están a ver reducidas as súas remuneracións como consecuencia do seu lexítimo dereito de seguimento da folga.

Despois dunha ducia de reunións entre Xunta de Galicia e sindicatos, o comité de folga que presides abandonou ata en tres ocasións a mesa de negociación, na que seguen estando os representantes do Goberno galego dispostos a negociar á procura dun acordo, cunha xenerosa oferta económica que sitúa os salarios dos funcionarios e funcionarias galegos por riba da media estatal en todas as categorías laborais, o cal precisamente era unha das principais reclamacións sindicais.

XUNTA DE GALICIA

*Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza*

Como unha das cuestións alegadas polos sindicatos para xustificar o abandono das últimas reunións é a ausencia do Vicepresidente na mesa de negociación, e como a vontade da Xunta é lograr un acordo, non teño inconveniente en participar xunto co Director Xeral de Xustiza e o Director Xeral de Función Pública nos encontros que se están a producir co comité de folga, sempre e cando se suspendan os paros mentres se produce a negociación e a cidadanía deixe de verse afectada por esta parálise nos xulgados galegos.

Estou seguro de que compartimos o obxectivo de lograr unhas mellores condicións para os traballadores da Administración de Xustiza en Galicia e ao tempo un mellor servizo para todos os galegos; e que tamén compartimos o desexo de causar os menores prexuízos posibles aos cidadáns cunha folga que se prolonga xa por 16 xornadas.

Por todo isto, maniféstоче a miña disposición a participar na mesa de negociación ao día seguinte mesmo de que se desconvoque a folga, e afrontar así unha negociación e un diálogo sobre todos os asuntos obxecto de discrepancia, coa firme e decidida vontade de chegar a un acordo canto antes, que logre satisfacer as demandas dos traballadores ao tempo que salvagarde o interese público.

Atentamente,

